

A soidade de quen soña unha quimera

Non poucas veces fiquei ollando para o mar tratando de entender o senso da vida. Encrequeneime e collendo nas mans unha caracola pensei na súa duplicidade de materia inerte e viva ao mesmo tempo. Iso levoume a reflexionar sobre a soidade, ese paradoxo de paz cando procurada e de incomunicación cando non propositada, de quietude de ánimo e axitada inacción. Pensei tamén que a soidade é innata, case diría o estado natural do ser humano, illado nas fronteiras do seu propio corpo e illado tamén nos labirintos do seu pensamento, tan difícil de esculcar, tan sinxelo de agochar.

De nenos aprenderonnos a terlle medo á soidade, a identificala coa exclusión. So coa idade descubrimos o seu engado incuestionábel, xa digo, cando buscada. Non é senón en soidade cando podemos reflexionar –as reflexións colectivas son estrañas á individualidade, estrañas pois ao concepto de unicidade do ser humano. Co tempo fun mudando de rexistro e sei que é posíbel expermentar empatía, a aproximación maior que coñezo ao pensamento partillado, que non colectivo. Xa se estarán preguntando, se non abandonaron o empeño da lectura, a onde é que os quero levar coas meus argumentos algo chuscos. Se cadra só penso en partillar as miñas ideas, encrequenado diante do mar, cunha cuncha na man, coxitando se é verdade ou non que a soidade é o estado natural do home e por iso tantas veces a procuro como bálsamo e medida, como esencia e como necesidade vital. Xa sei que soa raro, distinto e distante, mais, ás veces, semella que todo acontece no noso interior, mesmo a vida.

A soidade non buscada molesta, coma un ourizo encol dun mantel de seda. Penso niso, na duplicidade da soedade, na procurada e na imposta. Agora estou sentado nun café. É case medianoite e quedan poucos clientes. Todos foron marchando en grupos, rindo e brincando para non se sentir sos. Na mesa do lado hai unha señora, xa entrada en anos –menos cá min, que ben lle levo unha década de adianto ou de atraso, quen sabe. Quéixase de todo: da tonalidade do coctel, das arestas dos cubos de xeo, do sotaque do camareiro foráneo, da música e da luz. Xa pronto –se non é o que acontece neste instante- vivirá soa para sempre, rodeada dunha cuncha inerte que foi construíndo e alimentado co tempo, soa mais soa sen agarimo, sen complicidades, sen paz e sen acougo.

Un escribe cartas ós amigos cando está triste. Cando non escribe ós amigos quéixanse en troques de estar contentos, pensando que no ínterim entre mensaxes somos felices. É difícil ter amigos comprensivos. Son fabas contadas. O mesmo acontece cando un escribe artigos para un semanario dun país afastado, perdido na néboa que precede a aniquilación. Un sempre escribe en soidade, sentíndose distinto e distante, perdendo de a pouco as referencias do que acontece no país de orixe, sen ninguén que lle diga que a súa escrita é necesaria ou, antes ao contrario, desnecesaria e fútil. Un escribe cartas e artigos como quen envía botellas de náufrago rodeado dun mar de distancias, sentado fronte ao mar e pensando na duplicidade de ser vivo e materia inerte das cunchas de caracola,

Na distancia é ben doado sentirse distinto, disimétrico entre un interior que bule en ideas e un exterior refractario os cambios, onde o corpo vai deixando de responder a estímulos, enchido de luz interior e cunha coiraza que reflicte as paixóns que xa son lembranzas, as pulsións que se apagan sen remedio, os goces que o corpo vai negando.

De sempre quixen ser caracola, pasear polo fondo do mar e agromar na mallante para que un ser solitario e sensíbel recollera nas mans este eu e pensara nos misterios da vida e na duplicidade do que sendo inerte está vivo. Unha quimera, mais en que máis pode cavilar aquel que sinte o país desaparecendo, que observa os campos íngremos, a sociedade apampada polos grandes espectáculos, a vacuidade dos pensamentos en menos de dous centos de caracteres, a mutilación das liberdades, o medo os descoñecidos. Un saúdo.